

## A ECOPOESÍA EN TRADUCIÓN: ENTREVISTA CON KEITH PAYNE<sup>1</sup> ECOPOETRY IN TRANSLATION: AN INTERVIEW WITH KEITH PAYNE

**Manuela Palacios**

Universidade de Santiago de Compostela

ORCID: [0000-0002-7470-441X](https://orcid.org/0000-0002-7470-441X)

[manuela.palacios@usc.es](mailto:manuela.palacios@usc.es)

[Recibido 12/04/22; aceptado 21/04/22]

**Manuela Palacios.** En decembro de 2021 presentouse en Galicia a antoloxía *A Different Eden. Eco-poetry from Ireland and Galicia / Un Edén diferente. Eco-poesía de Irlanda e Galicia* (Dedalus Press 2021). Cales foron as razóns que vos levaron a ti, Lorna Shaughnessy e Martín Veiga a preparar esta escolma de eco-poesía?

**Keith Payne.** A proposta inicial veu de Martín Veiga e do proxecto de investigación do que forma parte, “O tropo animal”. A necesidade dunha antoloxía de eco-poesía resultaba imperiosa tanto para ver o que a poesía achega a esta cuestión esencial como porque non había nada semellante en Irlanda, aínda que en 2021 tamén saíu publicada a escolma *Empty House. Poetry and Prose on the Climate Crisis* (Doire Press) editada por Alice Kinsella e Nessa O’Mahony.

**M.P.** Ao reunir eco-poesía de Galicia e Irlanda, vai implícita unha comparación entre as dúas literaturas e a súa aproximación á cuestión ecolóxica. Atopastes pertinente esta comparación?

**K.P.** Ademais do feito de que os tres editores traballamos con ambas as dúas literaturas tanto a través da creación como da tradución, hai semellanzas entre as dúas ecorrexións: clima marítimo; costa atlántica; situación xeograficamente periférica no continente europeo; base tradicional agrícola en eidos pequenos e o impacto que as sucesivas políticas territoriais e agrarias, nacionais e europeas, tiveron nesa economía agraria; o impacto das políticas pesqueiras nas dúas sociedades e os seus medios de vida; por outra parte, nin Galicia nin Irlanda viviron realmente unha revolución industrial a grande escala, aínda que ambas experimentaron unha urbanización masiva desde finais da década dos sesenta do século XX, co resultado de cambios sociais comparables; as dúas sociedades teñen unha longa historia de emigración por causas económicas; ambas teñen linguas minorizadas, aínda que en estadios moi distintos de declive; finalmente, considerabamos que cada sociedade podía aprender moito da outra: a reacción de cada unha delas

---

<sup>1</sup> Tanto a antoloxía *A Different Eden / Un Edén diferente* como esta entrevista que a analiza son resultados do proxecto de investigación *O tropo animal: unha análise ecofeminista da cultura contemporánea de Galicia e Irlanda* (PGC2018-093545-B-I00 MCIU / AEI / FEDER, UE).

aos cambios anteriormente sinalados e a súa organización actual no relativo á educación, a saúde, os servizos públicos, a familia, a relixión, as mulleres, o medio ambiente, as artes, etc.

**M.P.** Poderías explicar as razóns que vos levaron á edición estruturalmente bilingüe da antoloxía, en vez dunha antoloxía coas versións inglesas exclusivamente? Aínda que son tres as linguas representadas —galego, inglés e irlandés— fornecedes tanto a versión orixinal como a versión traducida. Viuse isto condicionado polo feito de que escollerades publicar a antoloxía en Irlanda, a través dunha editora irlandesa, e non en Galicia?

**K.P.** Cunha versión unicamente inglesa, soamente poderíamos chegar a un público lector, neste caso de Irlanda, mentres que unha edición bilingüe permítenos achegarnos tanto ao público galego como ao irlandés. Fomos conscientes disto desde o inicio, aínda sabendo que a antoloxía se publicaría en Irlanda. Ademais, como noutras publicacións de formato similar, o feito de ter a versión orixinal e a traducida fronte a fronte enriquece o proceso de lectura.

Barallamos, inicialmente, a posibilidade dun acordo entre dúas editoras, de aquí e de alá respectivamente, pero Dedalus advertiunos das posibles dificultades de coordinación. Os tres editores, Lorna Shaughnessy, Martín Veiga e mais eu, admiramos o labor da prestixiosa editora irlandesa Dedalus desde hai moitos anos. Ademais, como o público lector galego está máis afeito a ler literatura traducida que o público irlandés —unha eiva enorme das institucións, editoras e responsables do patrocinio en Irlanda— pensamos que a recepción en Galicia dun libro publicado en Irlanda sería máis propicia que a situación contraria —a recepción en Irlanda dun libro publicado en Galicia.

**M.P.** En relación co que vés de dicir, podes darnos a túa visión de como se recibe en Irlanda a poesía estranxeira en tradución?

**K.P.** Unha porcentaxe adoito repetida é a do 3% de literatura estranxeira publicada en países de fala inglesa. Teño entendido que está ascendendo cara ao 5%, proporción aínda penosamente baixa pero que amosa unha tendencia na boa dirección. Asemade, polo menos no mundo da poesía, a presenza cada vez maior de poetas en lingua irlandesa coa súa obra traducida cara ao inglés —Aifric Mac Aodha, Ailbhe Ni Ghearbhuigh, Caitríona Ní Chléirchín etc.— implica, ou así o vexo eu, que a literatura en tradución está gañando visibilidade e aceptación. A maiores está a campaña recente e eficaz de obrigar a grandes editoras no Reino Unido e nos EE. UU. a imprimir o nome da persoa encargada da tradución na capa do libro. De igual xeito, premios que, como o *International Booker* e o *Dublin Literary Award*, incentivan a literatura traducida, resultan moi beneficiosos á hora de salientar a tradución literaria. Adoita pasar que o público le literatura en tradución, pero o acto e arte de traducir non son recoñecidos nin visibles. A devandita campaña que obriga ás editoras a poñer o nome da persoa

tradutora na capa será moi efectiva para evidenciar a función e a realidade da tradución.

**M.P.** Un aspecto de especial interese nesta antoloxía é o feito de que se intercalen poemas de Irlanda e Galicia, no lugar de presentar cada sistema literario en seccións diferentes. Poderías desenvolver as motivacións desta presentación?

**K.P.** Hai unha razón moi sinxela: queriamos que os poemas falasen tanto por si mesmos como cos restantes á marxe do sistema literario de orixe, participando deste xeito no debate que se desenvolve tanto dentro da antoloxía como fóra dela. Igualmente queriamos que o público lector tivese unha mesma experiencia de lectura, independentemente do lugar e a lingua de orixe dos poemas. A antoloxía está dividida en seccións temáticas e non nacionais, organización decidida expresa e deliberadamente para que os dous públicos puidesen ter unha mesma experiencia lectora. O diálogo entre poemas —aspecto moi relevante que marcou tanto a selección como a disposición dos poemas— escóitase mellor cando os poemas van na orde que escollemos.

**M.P.** Unha cuestión que podería chamarlle a atención ao público irlandés, e poida que tamén ao galego, é o feito de que, por parte de Irlanda se inclúan poemas tanto en inglés como en irlandés e, por parte de Galicia, se inclúan poemas unicamente en galego. Cales foron os criterios que empregastes a este respecto?

**K.P.** Boa pregunta... creo que esta é unha cuestión pendente aquí en Galicia. Por que se considera poesía galega soamente a que está escrita en galego, cando a categoría “poesía galega” podería incluír tamén a obra de poetas que residen en Galicia, independentemente da lingua na que escriben? A disparidade da nosa escolla reflicte a realidade lingüística de cada un destes lugares: en Irlanda, tanto na sociedade como na literatura, o inglés é con diferenza a lingua dominante, mentres que en Galicia, o galego é a lingua dominante na poesía —por canto tempo? Pregúntome se o feito de que en Irlanda consideremos “poesía irlandesa” a escrita por poetas que naceron noutros países pero viven en Irlanda é unha manifestación da nosa identidade poscolonial xa asumida, ou se simplemente é un exemplo máis do dominio da lingua inglesa. Estou pensando, por exemplo, en poetas como Grace Wells, Adam Wyeth, Mark Roper, Nidhi Zak —hai bastantes máis— ademais dun novo tipo de poetas, baixo a categoría de “New Irish”, irlandeses de adopción con obra recollida en antoloxías como *Writing Home. The ‘New Irish’ Poets* (ed. Boran e Enyi-Amadi 2019) e *Landing Places. Immigrant Poets in Ireland* (ed. Bourke e Faragó 2010), ambas as dúas publicadas por Dedalus. Acaso o feito de ampliar os parámetros do que é “poesía galega” vai redundar en beneficio ou en detrimento da forza da lingua galega? Se cadra, unha acción pola que comezar sería a de cuestionar, como o fai Luz Pichel, o papel da normativa lingüística como patrón ouro nas publicacións.

**M.P.** Que coñecemento hai en Irlanda da poesía galega ou da literatura galega en xeral?

**K.P.** Moi pouco alen do que producen os proxectos de investigación comparatista nas universidades galegas e as antoloxías resultantes, ou o labor de Martín Veiga á fronte do Irish Centre for Galician Studies en University College Cork, ou ben os intercambios e actos poéticos La Malinche que eu mesmo organizei. Sen iniciativas como estas, o coñecemento da poesía galega sería practicamente nulo en Irlanda, o cal evidencia unha deficiencia enorme por parte das institucións e asociacións encargadas da difusión internacional. Persoas como Yolanda Castaño, Kathleen March, Jonathan Dunne e Erin Moure teñen feito, a título individual, máis pola difusión internacional da poesía e literatura galegas que moitos organismos oficiais.

Certo é que Manuel Rivas é coñecido en Irlanda entre o público lector de narrativa, pero é recoñecido como autor español e nas librarías aparece incluído nas categoría de “Literatura española”.

**M.P.** Pensas que hai relación entre tradución e ecoloxía?

**K.P.** Unha conexión que me vén de inmediato á mente é que tanto a tradución como a ecoloxía implican saír do “ego” e involúcranse en sistemas que van alén das fronteiras nacionais. Ambas as dúas son prácticas inclusivas. Por outra parte, tanto a ecopoesía como a tradución recoñecen a importancia da linguaxe que usamos para nos referir ao medio natural. Este é un aspecto crucial que tratan os poemas incluídos na primeira parte da antoloxía: “Aprendendo a ladrar / Learning to Bark”.

**M.P.** Keith, ti es tradutor e poeta. Gustaríame preguntarche se consideras que a túa faceta creadora é un impedimento —pola perda dunha suposta fidelidade en aras dunha expresión máis persoal— ou pola contra unha axuda á hora de traducir poesía.

**K.P.** Ser poeta é, polo menos para min, esencial para a tradución de poesía. Estamos a crear un poema novo e debemos armarnos de todas as técnicas poéticas dispoñibles sen limitarnos a cuestións de lingua. Tense abusado moito da noción de fidelidade e resulta recorrente de máis. Deberíamos considerar a fidelidade ao acto poético, ao poema, á experiencia do poema, ao público lector, á longa historia da experiencia poética nas dúas linguas, ás sutilezas sociais que envolven tanto o poema como a tradución, sen reducir a tradución a unha mera cuestión lingüística.

**M.P.** Desbotastes algún poema pola súa “intraducibilidade”? A tradución entre linguas tan distintas e sistemas literarios con tradicións e expectativas tan diferentes supuxo acaso algunha dificultade de especial mención? Hai ritmos e

sintaxes que cómpre modificar en gran medida para que o poema "funcione" na lingua meta?

**K.P.** Que eu lembre, non se desbotou ningún poema pola súa intraducibilidade, aínda que no proceso de selección final, se dous poemas eran igualmente válidos e merecedores de entrar na antoloxía, tiñamos moi en conta a cuestión de como funcionaría cada un deles na outra lingua.

A principal dificultade radicou á hora de trasladar esa forma tan ceiba que ten a poesía galega a unha tradición irlandesa de poemas meticulosamente construídos como obxectos artesanais orgánicos, nos que cada parte funciona en estreita relación coas outras. Podemos dicir que máis que traducir a outra lingua, traducimos cara a outra tradición. A cuestión que cómpre ponderar, xa que logo, é canto, na forma e feitío do poema traducido, vén determinado pola tradición cara a que se traduce, entrando aquí en xogo todas as sutilezas e matices da tradución.

**M.P.** Podo preguntarche que poema ou poeta supuxo un reto maior para a súa tradución e a que se debeu isto?

**K.P.** Os poemas que me supuxeron maior esforzo á hora de traducilos foron os de Pilar Pallarés e Ana Romaní debido ás súas ambigüidades deliberadas. A lingua inglesa non semella ter afección pola ambigüidade, mentres que as linguas romances gozan moito dela. Por unha banda está a dificultade de comprender claramente o que está a suceder no poema, aínda que non se debe caer nunha tradución explicativa. Cómpre manter a ambigüidade do orixinal sen que pareza que o tradutor non comprende ben o texto e, sobre todo, sen confundir máis á persoa que o vai ler.

**M.P.** Volvendo ao tema da ecopoesía, como compararías a conciencia ecolóxica en Irlanda e Galicia no que se refire á poboación xeral? Máis concretamente, cales son as semellanzas e as diferenzas máis importantes que atopades no tratamento do mundo natural nas dúas (ou tres, se entendemos o sistema literario irlandés como un sistema dual) literaturas?

**K.P.** No que respecta ao público xeral, a conciencia ecolóxica paréceme maior en Irlanda que en Galicia, porque o goberno implantou políticas medioambientais, como a reciclaxe, etc., desde hai máis tempo e de xeito máis estrito que en Galicia. Tanto nos fogares como nos espazos públicos e institucionais a separación do lixo, o emprego de recipientes de varios usos, a práctica da compostaxe e as enerxías renovables semellan, ao meu ver, recibir máis atención en Irlanda que en Galicia. No relativo á ecopoesía, trátase dunha cuestión complexa que require coñecer as variedades posibles de ecopoesía, quen a escribe e como é recibida, así como as posibles influencias alleas a criterios nacionais.

Unha das diferenzas entre a poesía irlandesa e a galega aquí escolmadas é a cuestión da linguaxe: mentres que os poemas galegos tratan a cuestión da lingua e o

seu esmorecemento, minorización e estigmatización, os poemas irlandeses tenden a se centraren na linguaxe do mundo natural, das árbores, os glaciares, as focas, etc. O mundo rural é máis preponderante na poesía galega que na irlandesa, coa excepción do poema de Mary O'Malley e uns poucos máis. O tropo animal é unha cuestión máis apreciable na poesía irlandesa, sobre todo no relativo ao problema da extinción de especies, sendo Grace Wells un exemplo paradigmático desta poesía.

Porén, nas dúas poesías hai un sentimento profundo de perda no que respecta á nosa relación co mundo natural e pódense atopar tamén poemas que revelan a verdade de que os seres humanos somos soamente unha parte dun todo máis magno; somos unha parte ínfima dun ecosistema de maior complexidade e duración que as da vida humana individual.

Podemos botar en falta nas dúas literaturas, galega e irlandesa, poemas que indaguen no capitalismo e consumismo que nos conduciron á situación actual; unha poesía que expoña a cobiza, o chamado “progreso”, o liberalismo e os seus efectos, a linguaxe que habitamos e que designa o beneficio económico como única meta do desenvolvemento humano. A atención exclusiva ao medio natural podería redundar no esquecemento das causas profundas da destrución ambiental na política e economía mundiais, o consumismo e as grandes corporacións do capitalismo actual. Falo como poeta e son consciente dos riscos de suxerir os temas que debería tratar a poesía, pero en Irlanda hai unha división evidente entre o “poema lírico ben feito” e a chamada “poesía política”. Derek Mahon é dos poucos poetas que saben tratar esas dúas dimensións, especialmente desde que escribiu *Life on Earth*.

**M.P.** Cales foron os criterios adoptados para a selección de poemas e poetas?

**K.P.** A primeira decisión tomada foi a de incluír soamente poetas actualmente en activo. En segundo lugar, Lorna Shaughnessy achegou un marco de criterios para identificar o que se entende por ecopoesía ao cumprir unha ou varias das seguintes condicións: poemas nos que a natureza non é un mero decorado; poesía na que a natureza representada non sexa un mero espello de emocións humanas; que os poemas acheguen novos tropos animais que teñan en conta as condicións de vida do animal empírico ou revisen criticamente o simbolismo tradicional dos animais literarios; que os poemas amosen consciencia da destrución ocasionada polo Antropoceno, pero tamén poemas que abran vieiros de esperanza.

**M.P.** Primouse na selección que houberse unha ampla variedade de aproximacións á ecopoesía? Ou, pola contra, cinguiuse a unhas liñas temáticas específicas: perigos medioambientais, espazo rural, etc.?

**K.P.** Comezamos o proceso de lectura hai moito tempo, pero lembro que as cuestións da destrución ocasionada polo Antropoceno e o tropo animal figuraron entre os nosos criterios de inclusión desde o principio. Tamén tiñamos claro o que

non queriamos incluír porque non se axustaría á noción de ecopoesía. A medida que avanzabamos nas nosas lecturas, detectamos, de xeito sobranceiro na poesía galega, os temas da relación entre linguaxe e ecoloxía e a linguaxe da ecoloxía, que abordamos na sección “Learning to Bark”, e o da vida rural en “No Mythical Land”. A sección final, “Un Edén diferente”, con poemas de esperanza sobre a recuperación do medio ambiente, ocorréuseme tras escoitar un programa da BBC sobre un estudo lingüístico no Reino Unido que analizaba o xeito máis eficiente de argüír cuestións relativas á crise climática.

**M.P.** Como influíu a condición de identidade de xénero na escolla de poetas?

**K.P.** Non tivo a máis mínima influencia. En toda a miña experiencia programando e editando poesía nunca tiven en consideración a cuestión do xénero; soamente pensei en poetas e poemas e os coeditores pensaron igual. Non recorremos en ningún momento da lectura e da edición ao criterio de cotas por xénero. Finalmente, a selección evidenciou unha maior presenza de mulleres poetas, pero foi un resultado impremeditado. Por suposto, hase ter en conta que grazas á loita feminista de autoras, investigadoras e editoras hoxe en día temos maior acceso á obra de mulleres poetas do que era posible no pasado.

**M.P.** Con tres editores, cabe preguntarse como foi o reparto de tarefas e o impacto desa organización na antoloxía. Vemos que tamén interveu unha persoa coñecedora da poesía en lingua irlandesa, cal foi o seu papel?

**K.P.** O noso coñecemento da lingua irlandesa non abondaba para facermos a selección de poemas nesta lingua, polo que convidamos a Simon Ó Faoláin a que a fixese el. Démoslle unha explicación pormenorizada dos nosos criterios, así como os textos dos poemas galegos coa súa tradución. El enviounos a súa escolma e pedímoslle que incluíse tamén algúns poemas de seu, pois a súa obra é digna de figurar en calquera colección de ecopoesía. Algo que aprendín desta experiencia é que, se teño que editar outra antoloxía, insistirei en incluír, desde o comezo, un editor para a sección en lingua irlandesa porque, do contrario, como vimos na cuestión da identidade de xénero, o proceso de selección non representará axeitadamente o panorama completo da poesía irlandesa.

No relativo ao reparto de tarefas, fixemos toda a lectura a partes iguais. As diversas seleccións que ían xurdindo eran compartidas e valoradas en encontros quincenais, cun debate das nosas escollas moi creativo e instrutivo. O proceso foi intensivo pero de moito proveito e aprendemos moito uns dos outros.

A continuación, distribuímos o traballo en función da experiencia e dispoñibilidade de cada un. Martín Veiga fixo unha magnífica revisión dos textos con moi bo ollo para este labor. Eu encargueime da solicitude da axuda de tradución da Xunta de Galicia, pois xa teño experiencia niso. Tamén traballei con Pat Boran, da editora Dedalus Press, nas semanas finais do proceso. Lorna escribiu o primeiro borrador da introdución, intervindo logo Martín e máis eu na súa discusión e

redacción final. As tarefas tras da publicación están en marcha, como no caso desta entrevista, as presentacións en Galicia e Irlanda, a solicitude de recensións, etc. Dedalus ten unha persoa encargada da promoción nas redes sociais, así como en universidades e asociacións de España e Portugal que eu mesmo lle axudei a contactar.

**M.P.** Atopas algunha consideración relevante sobre a relación entre a experiencia colonial e a conciencia ecolóxica?

**K.P.** Un poeta como Paddy Bushe, especialmente nos seus poemas en irlandés, ten probablemente en consideración esta cuestión colonial, pero non me veñen á mente outros poetas. Eu mesmo cuestionaría o feito de que a identidade poscolonial inflúa na conciencia ecolóxica. Non é o liberalismo practicado a partir do anos oitenta a maior influencia en todos nós? A entrada de Irlanda e España na Unión Europea, con toda a política social e económica que se implantou, tivo máis impacto que a identidade posespañola ou posbritánica en Galicia e Irlanda respectivamente.

**M.P.** Para rematar, que pode aprender unha lectora dunha das comunidades sobre a ecopoesía e a conciencia ecolóxica da outra comunidade?

**K.P.** Agora que comezamos a promover en Irlanda o retorno ao rural despois de varias décadas de política urbanística destrutiva e agora que o teletraballo é unha realidade presente e unha posibilidade futura para moitas persoas en Irlanda, creo que o público lector irlandés pode aprender moito da poesía galega, especialmente daquela centrada no rural: Olga Novo, Emilio Araújo, Lupe Gómez, Luz Pichel, etc.

O público lector galego atopará nos poemas irlandeses un repertorio máis amplo, probablemente, do que adoitan ver en Galicia, o que podería contribuír a unha ampliación no repertorio da poesía galega.

O público lector irlandés atopará unha mostra de liberación nas formas máis ceibas da poesía galega, mentres que a lectora galega observará a importancia que a poesía irlandesa lle dá aos criterios de construción formal.

A forza da poesía en lingua galega en Galicia dará que pensar ao público monolingüe en inglés en Irlanda sobre as consecuencias da perda da lingua irlandesa.

Este encontro de públicos irlandés e galego sen dúbida dará pé a unha conversación creativa moi fecunda entre as dúas comunidades.